



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	XESTIÓN EMPRESARIAL		Código	730G04010
Titulación	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Domínguez Feijóo, Gerardo	Correo electrónico	g.dominguez@udc.es	
Profesorado	Domínguez Feijóo, Gerardo Pernas Álvarez, Javier Ríos Prado, Rosa	Correo electrónico	g.dominguez@udc.es javier.pernas2@udc.es rosa.rios@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/			
Descrición xeral	A asignatura persegue o desenvolvemento por parte de alumno dunha visión global das actividades das empresas; que sexa capaz de detectar, analizar e proporcionar solucións a problemas reais das empresas baixo unha perspectiva sistémica e xeral. Ofrécese deste xeito un enfoque de aplicación xeneralizado por riba de plantexamentos específicos, congruentes co amplo espectro de adaptación funcional dos profesionais da área de Enxeñaría Industrial.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen No suposto caso de que haxa que dar continuidade á actividade académica a través da non presencialidade, todos os alumnos matriculados na devandita modalidade, pasarán a seguir a materia en réxime non presencial. Para iso, habilitaranse os contidos e sesións previstas a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade, de acordo en todo caso coas condicións que as posibles Resolucións Reitorais establezan en cada caso. Igualmente o sistema de avaliación neste caso será non presencial, polo que as presentacións, entregas de traballos e exames previstos serán non presenciais en calquera caso.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Non se modifican as metodoloxías, alén dos cambios indicados no apartado anterior.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Habilitaranse os contidos e sesións previstas a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade, actualmente, Correo electrónico, Moodle, Teams, de acordo en todo caso coas condicións que as posibles Resolucións Reitorais establezan en cada caso.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios na avaliación da materia.</p> <p>*Observacións de avaliación: O alumnado que non seguira a avaliación continua ao longo do cuadrimestre poderá presentarse á segunda oportunidade, na que se realizará unha proba mixta, sendo a nota final da materia o 80% da nota obtida nesta proba.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Propónse a seguinte bibliografía adicional, dispoñible para a súa consulta dende fóra da UDC.</p> <p>BALDWIN, C. (2010). <i>Gestión empresarial</i>, Firms Press. [Dispoñible en E-Libro]</p> <p>HARVARD BUSINESS REVIEW PRESS. (2014). <i>Finance Basics (HBR 20-Minute Manager Series)</i>. Harvard Business Review Press. [Dispoñible en EBSCO FULL TEXT Finder]</p> <p>JONES, GARETH R. (2013). <i>Teoría organizacional: diseño y cambio en las organizaciones</i>. México: Pearson Educación. [Dispoñible en E-Libro -https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/37920-]</p> <p>LUECKE, R. (2002). <i>Finance for Managers</i>. Harvard Business Essentials. Boston, Mass: Harvard Business Review Press. [Dispoñible en EBSCO FULL TEXT Finder]</p> <p>PINDYCK, R. S. (2018). <i>Microeconomía</i>. Madrid : Prentice Hall. [Dispoñible en: http://kmelot.biblioteca.udc.es/record=b1668727~S1*gag]</p> <p>RUBIO DOMÍNGUEZ, P. (2012). <i>Introducción a la gestión empresarial</i>, B-EUMED. [Dispoñible en E-Libro]</p>
-----------------------------	--



Competencias do título

Código	Competencias do título
A6	FB6 Coñecemento axeitado do concepto de empresa, marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas.
B2	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo
B5	CB5 Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	B3 Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico para resolver calquera problema formulado, así como de comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a un público tanto especializados como leigo dun xeito claro e sen ambigüidades
B7	B5 Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
B8	B7 Deseñar e realizar investigacións en ámbitos novos ou pouco coñecidos, con aplicación de técnicas de investigación (con metodoloxías tanto cuantitativas como cualitativas) en distintos contextos (ámbito público ou privado, con equipos homoxéneos ou multidisciplinares etc.) para identificar problemas e necesidades
B9	B8 Adquirir unha formación metodolóxica que garanta o desenvolvemento de proxectos de investigación (de carácter cuantitativo e/ou cualitativo) cunha finalidade estratéxica e que contribúan a situarnos na vangarda do coñecemento
C1	C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C2	C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C3	C5 Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C4	C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C5	C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C6	C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer de forma adecuada o concepto de empresa, marco institucional e xurídico da empresa.	A6	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C2 C3 C4 C5 C6
Organización e xestión de empresas	A6	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C2 C3 C4 C5 C6



Contidos	
Temas	Subtemas
Os temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na ficha da Memoria de Verificación, que son:	A empresa como sistema. Marco institucional e xurídico. Dirección funcional da empresa. Estratexia empresarial. Función de produción. Función financeira.
TEMA 1: Introducción	O concepto de empresa O contexto socioeconómico empresarial Os obxectivos empresariais O empresario. Formas xurídicas O tamaño empresarial
TEMA 2: A Organización da Empresa	A organización da empresa Estruturas organizativas básicas Estruturas orientadas a proxectos Análise de estruturas organizativas: O modelo de Mintzberg
TEMA 3: Empresa Producto	A Carteira de Negocios da Empresa: Campo de Actividades Estratexias no campo de Actividades A cadea de valor Ciclo de Vida do Produto Matrices de Actividades Ciclo de vida da organización
TEMA 4: A Empresa e o Sistema de Marketing	O concepto xeral de mercadotecnia Planificación: A Mercadotecnia Estratéxica Execución e Control: A Mercadotecnia Operativa
TEMA 5: A Empresa e o Sistema de Producción	O concepto xeral de produción Estudo de Custos Just in Time
TEMA 6: Análise dos Estados Financeiros	Definición e Campo de Aplicación Análise do Negocio e o seu Ámbito Os estados financeiros: Reflexo das Actividades da Empresa A Análise Financeira e Económica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 B3 B9 C1 C2 C3 C4 C5	30	33	63
Solución de problemas	B5 B7 C2 C4 C6	20	20	40
Traballos tutelados	B2 B4 B6 B8 C1 C3 C5	10	25	35
Proba mixta	A6 B7	0	8	8
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>O profesor impartirá a maior parte dos contidos teóricos da materia a través da exposición destes en sesións expositivas a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade, nas que a participación dos alumnos será promovida tamén.</p> <p>O profesor axudarse de medios audiovisuais para unha mellor exposición dos contidos da materia.</p>
Solución de problemas	<p>Ao longo do curso, iranse presentando casos de estudo aos alumnos para a súa análise e discusión en clase, así como para a elaboración de traballos ben individuais, ben colectivos, que serán obxecto de avaliación e computarán na nota final.</p> <p>Os casos corresponderanse con aspectos ilustrativos dos temas obxecto da materia.</p> <p>O profesor axudarse e propoñerá aos alumnos o emprego de ferramentas de simulación para a toma de decisións a través dun xogo de empresa.</p>
Traballos tutelados	<p>Propoñerase a elaboración dun traballo tutelado a realizar en grupo os alumnos. O alcance do devandito traballo así como as súas particularidades e peso na nota final serán transmitidos aos alumnos coa antelación debida.</p> <p>O traballo pretende que os alumnos desenvolvan a súa capacidade de traballo en equipo elaborando unha actuación orixinal e creativa, a través de da análise dun determinado caso para o cal terán que poñer en práctica as competencias adquiridas ao longo do curso.</p>
Proba mixta	<p>Consistirá nunha proba de avaliación dos coñecementos adquiridos á finalización da exposición de todos os contidos da materia.</p> <p>Propoñerase un conxunto de preguntas con varias opcións de resposta. O número de preguntas, de opcións de resposta e o criterio de puntuación será establecido polo profesor á súa discreción. Os alumnos serán informados de tales aspectos coa antelación debida.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Traballos tutelados	Farase nas horas de titorias de profesores tanto de forma presencial como no presencial a través das plataformas deo Campus Virtual da Universidade.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A6 B7	<p>Corrección do exame de resposta múltiple, de acordo cos criterios que no seu momento se presenten.</p> <p>O exame poderá computar ata nun 40% da nota de avaliación da materia.</p> <p>Esíxese un rendemento mínimo do 40% na súa valoración para poder aprobar a materia.</p>	40
Solución de problemas	B5 B7 C2 C4 C6	<p>Proposta e valoración de traballos por parte do alumno/s.</p> <p>Os casos poderán computar ata nun 20% da nota final de avaliación da materia;O seu carácter é voluntario.</p>	10
Traballos tutelados	B2 B4 B6 B8 C1 C3 C5	<p>Valoración do Traballo do Curso elaborado en grupo.</p> <p>Como a asignatura esta orientada á práctica, é imprescindible que os alumnos demostren a súa capacidade de análise global, co estudio dun caso específico real.</p> <p>A realización e exposición do traballo e obrigatoria.</p> <p>O traballo poderá computar ata nun 60% da nota de avaliación da materia.</p> <p>Esíxese un rendemento mínimo do 30% na súa valoración para poder aprobar a materia, a os repetidores do ano anterior non se lles gardará a nota do traballo do ano anterior.</p>	50

Observacións avaliación



O ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? comunicarán ó inicio do curso a súa situación os profesores da materia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b). O alumnado nesta situación será avaliado na data aprobada na Xunta de Escola, mediante unha proba obxectiva sobre os contidos do paso 3 da Guía. Fara un traballo e a súa presentación a acordar cos profesores da materia, devandito traballo poderá ser individual ou grupal segundo o que se acorde co alumno segundo as súas necesidades. Así mesmo, establecerase unha pauta de tutorías consensudas co alumno para axudarlle a superar a materia. Na segunda oportunidade só terá que realizar a proba obxectiva. Os alumnos que non seguran a avaliación continua poderán ir a segunda oportunidade onde a avaliación global será o 60% da nota obtida na proba mixta, isto tamen aplica a os alumnos de convocatoria adiantada.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Fernández Sánchez, E., Junquera Cimadevilla, B., del Brío González, J.A. (2008). Iniciación a los Negocios para Ingenieros. Aspectos Funcionales. España
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

"Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías